

## TEMA 6. - COMENTARIO DAS ESTATUAS DAS XAMBAS DA CATEDRAL DE REIMS

**a.- Identificación: título; autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** Grupos da Anunciación e da Visitación. Escultura monumental relixiosa do Gótico francés pertencente ao Gótico clásico, período de esplendor. Segunda metade do século XIII. Autores: Mestre do Sorriso, Mestre de Amiens, Mestre da Visitación (chamado tamén Mestre das Figuras Antigas e Mestre dos Panos Mollados). Localización: xambas da fachada occidental da Catedral de Reims (Francia), concretamente sitúanse na xamba dereita da porta central. Material: pedra.

**c.- Analiza e comenta a obra:** a Catedral de Reims recibe o nome de Notre-Dame (Nosa Señora) porque está dedicada á Virxe María.

A Portada occidental de Reims consta de tres portas completamente cubertas con decoración escultórica (horror vacui). Os tímpanos son substituídos por vidreiras, e as esculturas sitúanse nos gabletes, arquivoltas, parteluces e xambas. Na xamba da dereita da porta central aparecen as esculturas máis destacadas; represéntanse dúas escenas da vida da Virxe: **A Anunciación e a Visitación.**

Ambas escenas presentan as seguintes **características:** as figuras comezan a liberarse do marco arquitectónico xa que adquiren moito volume (algunhas son practicamente de vulto redondo), poden moverse con maior liberdade e de forma máis natural polo que rompen coa lei da frontalidade, comunícanse entre elas, mostrando sentimentos que as humanizan. Son naturalistas pero están



moi idealizadas: búscase plasmar unha beleza ideal; son así mesmo gráciles e moi estilizadas; adoptan un perfil en forma de “S” característico do Gótico clásico; o tratamento dos panos é máis naturalista que no Románico: ás veces as roupas permiten transparentar a anatomía e as dobras son amplas, con volumes e profundidades diferentes que imprimen maior movemento ás figuras.

- **Escena da Anunciación:** o arcanxo Gabriel anuncia a María que vai concibir un fillo por obra e graza de Deus. A figura de Gabriel, coñecida como Anxo do Sorriso, foi realizada polo chamado **“Mestre do Sorriso”**. O arcanxo presenta un sorriso amable que lembra ao “sorriso arcaico” das esculturas gregas da época arcaica.

Mostra un canon moi alongado, unha forte estilización, unha disposición en S e unha estilización de estilo cortesán moi do gusto do momento, así como a característica cabeza pequena con peitado traballado por incisións rematando en rizados sen trépano e ollos oblicuos. A figura apenas está modelada e a roupa está traballada de forma bastante primitiva: dobras rectas verticais que acentúan a estilización; as ás teñen un aspecto moi decorativo, feitas con gran detallismo. O arcanxo xírase cara á Virxe, rachando coa lei da frontalidade: diríxese á Virxe de xeito expresivo, cun xesto xovial de sorriso doce e alegre, pero estereotipado. A Virxe foi realizada polo chamado “**Mestre de Amiens**”, cuxo estilo se caracteriza por presentar figuras frías que non translocen sentimentos, cubertas con túnicas con dobras verticais e rectas, nun modelado superficial que oculta o seu corpo aínda que deixando entrever os senos. A ausencia de sentimentos da Virxe contrasta notablemente coa alegría que mostra Gabriel, sendo unha escultura de carácter máis arcaizante e rixida que o resto do conxunto.

- **Escena da Visitación:** represéntase un momento algo posterior á Anunciación, a visita da Virxe á súa prima Santa Isabel, nai de San Xoán Bautista, ambas embarazadas. O seu autor é o “**Mestre da Visitación**”, tamén chamado “Mestre das Figuras Antigas” e “Mestre dos Panos Mollados”. Ambas figuras están claramente influídas pola escultura clásica da antigüidade: aparecen vestidas como matronas romanas con túnicas que lembran a técnica dos panos mollados de Fidias, con dobras abundantes e profundas que envolven o corpo, aínda que este se adiviña por debaixo das roupas; a Virxe mostra unha forte curvatura na cadeira, lembranza da curva praxiteliana, que lle confire un perfil en forma de “S” característico do Gótico clásico. Ambas figuras comparten o contraposto (herdanza clásica) e teñen un grande volume (son case de vulto redondo). O canon é clásico, pero vense algunhas desproporcións, como nos xeonllos, situados demasiado abaixo. Rachan coa lei da frontalidade; coas súas cabezas inclinadas comunícanse entre si e xesticulan coas súas mans, cun claro sentido narrativo da escena. Contrasta a idealización da Virxe, nova e cun rostro fermoso, co realismo da súa prima, anciá e cun rostro envellecido e un tratamento máis realista dos rasgos.

En ambas escenas búscase achegar as figuras divinas aos seres humanos presentándoas como seres con sentimentos, aínda que, iso si, seres fermosos.